

TIGRE E OSO NA CIDADE

Texto e ilustracións de JANOSCH

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartonné. 15 x 21,5 cm. 48 páx. 16 €

Tigre e oso na cidade (galego)

ISBN 978-84-1343-209-0. Tras os montes.

El tigre y el oso en la ciudad (castelán)

ISBN 978-84-1343-210-6. Clásicos contemporáneos.

Tigre i Os a la ciutat (català)

ISBN 978-84-18558-64-1. Clàssics contemporanis.

Tigre eta Hartz eta zirkulazio-arauak (euskara)

ISBN 978-84-9172-319-6. Gaur egungo klasikoak.

O tigre e o urso no trânsito da cidade (português)

ISBN 978-989-749-167-2. Clássicos contemporâneos.

Un día, tigre pequeno díxolle a oso pequeno:

–Vamos! Ven comigo á cidade, que che ensino a cruzar a rúa.

Hoxe vou facer da túa nai.

–Oh, que ben! –exclamou oso pequeno–. Teño moita gana de aprender!


Por que lado da estrada se debe camiñar se non hai beirarrúa, que facer para cruzar unha rúa, elementos -como os semáforos, os sinais ou os pasos de peóns- que regulan o tráfico de vehículos e transeúntes, ou normas básicas como o uso do cinto son algúns dos descubrimentos que fan tigre e oso na súa visita á cidade.

Nesta grande aventura contan coa axuda do chibo, do castor e doutros viandantes e condutores que orientan os seus pasos, tamén para saber as consecuencias do que non se debe facer. Durante esta divertida experiencia, tigre e oso van repetindo a información que reciben e practicándoas reiteradamente, mesmo en soños. Os seus diálogos desprenden a tenrura e o humor que caracterizan estes emblemáticos personaxes creados por Janosch; interpélanse coa espontaneidade, a naturalidade e a inocencia propias da infancia.

Publicado co asesoramento do Consello Alemán de Seguridade Viaria, «Tigre e oso na cidade» é unha prolongación na historia de compañeirismo e amizade entre os entrañables protagonistas desta saga clásica da LIX, sempre rodeados de simpáticos amigos. As ilustracións evidencian o contraste entre a tranquilidade da vida cotiá no campo e o bulicio urbano. Co seu estilo inconfundible, o autor envolve cada escena de dozura e expresividade.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** conceptos básicos de educación viaria, amizade.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** campo vs. cidade, viaxes, tráfico, seguridade viaria; compañeirismo, solidariedade, autonomía persoal, afectos; clásico da LIX, animais humanizados; do autor e ilustrador de «[Que bonito é Panamá!](#)», «[Correo para tigre](#)», «[Imos buscar un tesouro](#)» «[Eu curareite, diso oso pequeno](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/tigre-e-osona-cidade-g>

Janosch

(Hindenburg, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-) Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Tras a II Guerra Mundial, a súa familia mudouse a Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica téxtil. En 1953 trasladouse a Múnic e, durante unha temporada, estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que empezou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas e polas que recibiu numerosos premios. A súa fama internacional débese a «Que bonito é Panamá!», editado en 1979. Desde 1980 reside en Tenerife, onde se dedicou a escribir e ilustrar libros infantís, narrativa, pezas teatrais e películas de animación. Tamén é autor dalgunha novela para adultos, con elementos autobiográficos. Ilustrou textos de autores como Charles Bukowski.
<http://www.janosch.de>

